

Enquisas de Avaliación Docente do Profesorado

**Procedemento para a súa realización e Especificacións para o tratamento e
presentación dos resultados**

Contenido

1	Introdución	3
2	Finalidade das enquisas de avaliación docente.....	3
3	Participación no proceso de avaliación docente	4
4	Escala e cuestionario empregado.....	4
5	Procedemento para a realización da enquisa.....	5
6	Período de tratamento das enquisas	6
7	Procesado das enquisas.....	6
8	Tratamento dos resultados	6
9	Cálculo dos resultados.....	6
9.1	Cálculo dos resultados da materia	6
9.2	Calculo dos resultados parciais do profesorado	7
9.3	Cálculo da valoración global do profesorado.....	7
9.4	Cálculo da valoración global das dimensións	8
9.5	Cálculo dos referentes.....	8
9.6	Cálculo dos referentes dos ítems	8
9.7	Cálculo dos referentes das materias	9
9.8	Cálculo dos referentes do profesorado.....	9
10	Informes.....	10
10.1	Informe de Materia.....	10
10.2	Informe Parcial de Profesor/a	10
10.3	Informe Global de Profesor/a.....	12
11	Consulta dos resultados	13
12	Outros aspectos a considerar	13

1 Introducción

As enquisas de avaliación docente desenvolvidas actualmente na Universidade de Vigo, son un instrumento institucional que procura coñecer a valoración do estudiantado sobre o labor docente do profesorado.

Permite facer unha reflexión crítica para detectar os aspectos máis frouxos, reforzar os máis positivos e avanzar así na mellora continua da Universidade de Vigo.

Todo o alumnado universitario, de acordo co artigo 64.I dos Estatutos da Universidade de Vigo ten o dereito a «participar na avaliación da actividade docente do profesorado e nos procesos de avaliación institucional da calidade dos centros, das titulacións e dos servizos da Universidade de Vigo».

Por outra banda, conforme os artigos 78.g e 79.b, o profesorado universitario ten respectivamente o dereito a «participar nos procesos de mellora e de calidade da docencia e da investigación da Universidade de Vigo» e o deber de «cumprir as tarefas docentes e investigadoras correspondentes, con suxeición aos procedementos de avaliación e de control da súa actividade académica».

2 Finalidade das enquisas de avaliación docente

As finalidades da avaliación docente do profesorado son fundamentalmente:

- Dispoñer dun procedemento de avaliación e de mellora da calidade do ensino e do profesorado incluído nos sistemas de garantía de calidade das titulacións oficiais.
- Proporcionarlle ao profesorado probas contrastadas sobre a súa docencia para a mellora continua e o perfeccionamento das súas actuacións.
- Reunir información relevante e obxectiva sobre a actividade docente do profesorado e a súa avaliación para apoiar o proceso de toma de decisións de responsables e de autoridades académicas que afectan a procesos de planificación e de xestión de recursos, de promoción, de formación, de asignación de responsabilidades docentes, fundamentalmente no marco do programa de avaliación docente Docentia.
- Mellorar a información á sociedade e a outros grupos de interese sobre o labor docente nos centros e nas titulacións da Universidade de Vigo e cumprir cos requirimentos establecidos nos programas de calidade fundamentalmente os establecidos no seguimento e na acreditación dos títulos.
- Detectar fallos sistemáticos no desenvolvemento do proceso de ensinanza-aprendizaxe.
- Por de manifesto incongruencias entre obxectivos e condicións e condicionantes.
- Detectar insuficiencias de recursos para a docencia.
- Detectar deficiencias que dificulten ou impidan alcanzar os obxectivos determinados nas guías docentes.

3 Participación no proceso de avaliación docente

Poderá participar na realización das enquisas de avaliación docente todo o estudiantado matriculado nalgũa titulación de grao ou de mestrado da Universidade de Vigo.

O procedemento de avaliación aplícase a todo o profesorado que imparte docencia en calquera das titulacións oficiais dos centros da Universidade de Vigo, de acordo co Plan de Ordenación Docente (POD), sempre que imparta polo menos 10 horas de docencia nun grupo de estudantes nos títulos de grao ou 6 horas de docencia nun grupo de estudantes nos títulos de mestrado.

Así mesmo, o profesorado que imparta entre 5-10 horas de docencia nun grupo de estudantes nos títulos de grao ou 5 horas de docencia nun grupo de estudantes nos títulos de mestrado, poderá solicitar voluntariamente a súa inclusión no sistema de realización das enquisas de avaliación docente.

4 Escala e cuestionario empregado

O cuestionario aprobado en Consello de Goberno de 21 de decembro de 2020, pretende recoller as valoracións subxectivas do alumnado sobre os diferentes aspectos da docencia universitaria que se consideran relevantes para conseguir os obxectivos formativos propostos.

O cuestionario divídese en dúas partes:

- Unha primeira parte que está relacionada coa materia, correspondente as preguntas 1 a 3, na que o alumnado avalía cuestións relativas a materia

INFORME DE MATERIA

1 A guía docente expón de xeito claro e comprensible como se desenvolve a materia (contidos, metodoloxías, sistema de avaliación...).

2 A coordinación (para evitar solapamentos de contidos, incoherencias...) entre o profesorado da materia é axeitada. (Contestar só no caso de materias impartidas por máis de un/unha profesor/a).

3 O volume de traballo do alumnado é proporcional aos créditos da materia (sendo o traballo do alumnado de 1,5 horas por cada hora presencial)

- Unha segunda parte no que o alumnado avalía a actividade docente recibida polo profesor/a e que está estruturada atendendo principalmente aos tres ámbitos ou dimensións da docencia: Planificación, Desenvolvemento e Resultados.

INFORME DE PROFESOR/A

4 As clases están organizadas para facilitar a aprendizaxe desta materia.

5 Os recursos didácticos (bibliografía, materiais, recursos virtuais, exercicios...) facilitados e recomendados son útiles.

6 As metodoloxías desenvolvidas nas clases adecúanse ó que se presenta na guía docente.

7 Orienta e resolve con claridade as dúbidas que se lle formulan (en clase, titorías, plataformas de docencia virtual,...).

8 As probas e as actividades para a avaliación favorecen a miña aprendizaxe.

9 Cumpre os criterios de avaliación establecidos na guía docente.

10 En xeral, estou satisfeito co seu labor docente.

O cuestionario emprega unha escala de satisfacción do tipo Likert cos seguintes niveis de resposta:

1. Totalmente en desacordo
2. Algo en desacordo
3. De acordo
4. Moi de acordo
5. Totalmente de acordo
6. NS/NC

5 Procedemento para a realización da enquisa

A recollida de datos realízase de xeito virtual cunha periodicidade semestral, mediante unha aplicación informática deseñada ao efecto na plataforma SIGMA.

Cada cuadrimestre, previamente a posta en marcha do proceso de avaliación, a Área de Calidade, mediante un formulario enviado as direccións de correo persoais do profesorado existentes en Xescampus, solicita a autorización para a realización das enquisas de avaliación da docencia impartida do profesorado segundo o POD existente e actualizado da Universidade de Vigo.

Unha vez finalizado o prazo e cos resultados da consulta realizada, prepárase a aplicación SIGMA incorporando todas as materias do cuadrimestre correspondente, a todo o alumnado matriculado nas mesmas, así como a todo o profesorado que autorizou a súa realización. O profesorado, ademais debe cumprir co criterio establecido de ter impartido polo menos 10 horas de docencia nun grupo de estudantes nos títulos de grao ou 6 horas de docencia nun grupo de estudantes nos títulos de mestrado. Agás, aquel profesorado que impartindo entre 5-10 horas de docencia nun grupo de estudantes nos títulos de grao ou 5 horas de docencia nun grupo de estudantes nos títulos de mestrado solicitara voluntariamente a súa inclusión no sistema de realización das enquisas de avaliación docente.

Unha vez posto en marcha o proceso de realización das enquisas, comunícase o seu inicio ao profesorado e alumnado da Universidade de Vigo a través da páxina web institucional, nas direccións de correo electrónico do profesorado e das listas de distribución.

Co fin de fomentar a participación no proceso, tamén se comunica o inicio do da avaliación aos centros para que poidan trasladalo ao profesorado e alumnado dos mesmos, e ás delegacións de alumnado, distribuíndose tamén, a través das redes sociais. Así mesmo levaranse a cabo medidas institucionais de difusión de este proceso sempre co obxecto de fomentar a participación no programa.

O profesorado que autorice a realización das enquisas, se así o considera, poderá activar e pechar persoalmente a enquisa cando o considere oportuno sempre dentro do período establecido pola Universidade de Vigo. No caso de que o profesorado non se acolla a esta opción, será o propio sistema o que automaticamente active ou peche a realización das enquisas.

A aplicación para completar a enquisa, atópase na secretaría virtual do alumnado, onde se activa un aviso que indica a dispoñibilidade da enquisa ou enquisas non completadas. Na aplicación inclúese unha pequena guía de axuda ao alumnado.

O alumnado tamén pode acceder ás enquisas a través da aplicación de xestión académica e a través dun banner co acceso dende a plataforma de teledocencia, Moovi.

Completado o acceso á aplicación, o alumnado atopa as materias nas que está matriculado co profesorado que imparte docencia nelas (sempre que cumpran co criterio das horas e teñan autorizado a súa realización).

A enquisa estruturase en dúas partes:

- Informe materia, que se contesta unha vez por materia independentemente do número de profesores/as que a impartan.
- Informe profesor/a, que se contesta unha soa vez por cada docente.

6 Período de tratamento das enquisas

O tratamento das enquisas de avaliación docente realizarase ao rematar o período de realización das enquisas. As enquisas do primeiro e segundo cuadrimestre tramitaranse de xeito conxunto.

7 Procesado das enquisas

No procesado débese contrastar que existe correspondencia entre o código da materia e o código do/da docente, é dicir, que o/a profesor/a ten docencia na materia segundo o plan de organización docente (POD) e rexeitar as enquisas cubertas que non cumpran esa condición. Tamén deberá rexeitar códigos incorrectos (tanto de materia como de profesor/a).

8 Tratamento dos resultados

Non se terán en conta aquelas enquisas que non cheguen ao límite mínimo de respostas por considerar que os resultados non son significativos. Sendo o límite o seguinte:

- **12% de respostas respecto ao alumnado matriculado.**

No caso que a enquisa teña unha participación inferior procederase a súa anulación. No caso que un ou varios ítems teñan un número inferior de respostas procederase do mesmo xeito.

Así mesmo, o sistema achegará un certificado a aquel/a profesor/a que non teña resultados de avaliación por non acadar o porcentaxe mínimo de respostas.

9 Cálculo dos resultados

9.1 Cálculo dos resultados da materia

A valoración da materia obtense da media simple dos ítems asociados á materia (ítems 1, 2 e 3). É dicir, a suma das puntuacións obtidas dividido polo número de respostas.

No cálculo da valoración da materia, o alumnado responde unha única vez por estas cuestións independentemente do profesorado que imparta docencia nesta materia.

$$\text{Valoración materia} = \frac{\sum \text{puntuacións ítem 1} + \dots + \sum \text{puntuacións ítem 3}}{\sum N^{\circ} \text{ respostas ítem 1} + \dots + \sum N^{\circ} \text{ respostas ítem 3}}$$

9.2 Cálculo dos resultados parciais do profesorado

O resultado parcial do profesorado consiste na valoración que obtén o /a profesor/a da súa actividade docente nunha materia.

A realización do cálculo obtense en dúas etapas. A primeira é o cálculo das valoracións parciais por dimensión (planificación, desenvolvemento e resultados), e a segunda etapa é a ponderación destas valoracións para obter a valoración parcial do/a profesor/a.

Para o cálculo de valoración parcial da dimensión planificación realízase a media simple dos ítems 4 e 5, segundo a seguinte expresión:

$$\text{Valoración parcial Planificación} = \frac{\sum \text{puntuacións ítem 4} + \sum \text{puntuacións ítem 5}}{\sum N^{\circ} \text{ respostas ítem 4} + \sum N^{\circ} \text{ respostas ítem 5}}$$

Para o cálculo de valoración parcial da dimensión desenvolvemento realízase a media simple dos ítems 6 e 7 segundo a seguinte expresión:

$$\text{Valoración parcial Desenvolvemento} = \frac{\sum \text{puntuacións ítem 6} + \sum \text{puntuacións ítem 7}}{\sum N^{\circ} \text{ respostas ítem 6} + \sum N^{\circ} \text{ respostas ítem 7}}$$

Para o cálculo de valoración parcial da dimensión resultados realízase a media simple dos ítems 8, 9 e 10, segundo a seguinte expresión:

$$\text{Valoración parcial Resultados} = \frac{\sum \text{puntuacións ítem 8} + \dots + \sum \text{puntuacións ítem 10}}{\sum N^{\circ} \text{ respostas ítem 8} + \dots + \sum N^{\circ} \text{ respostas ítem 10}}$$

A partir destas valoracións por dimensións, calcularase a **valoración parcial** nunha materia do/a profesor/a utilizando a seguinte expresión:

$$\text{Valoración Parcial} = 0,3 \times \text{Valor. Planif.} + 0,35 \times \text{Valor. Desenv.} + 0,35 \times \text{Valor. Result.}$$

9.3 Cálculo da valoración global do profesorado

O cálculo da valoración global do/a profesor/a obtense a partir das valoracións parciais das materias nas que imparte docencia calculadas no punto anterior ponderándoas polo número de horas nas que o /a profesor/a imparte docencia nesas materias seguindo a seguinte expresión:

$$\text{Valoración Global} = \frac{\sum \text{Valoración parcial}_i \times N^{\circ} \text{ horas docencia}_i}{\sum N^{\circ} \text{ horas docencia}_i}$$

Para a realización deste cálculo teranse en conta unicamente aquelas materias nas que o/a profesor/a teña valoración parcial e non se terán en conta aquelas materias anuladas debido ao número de respostas.

9.4 Cálculo da valoración global das dimensións

Adicionalmente engadirase a valoración de cada unha das dimensións. O cálculo realizarase de xeito análogo ao cálculo da valoración global do profesorado que será a ponderación das valoracións parciais das dimensións das materias polo número de horas que o/a profesor imparte docencia nesa materia, seguindo as expresións seguintes:


$$\text{Valoración Planificación} = \frac{\sum \text{Valoración parcial Planif}_i \times N^\circ \text{ horas docencia}_i}{\sum N^\circ \text{ horas docencia}_i}$$

$$\text{Valoración Desenvolvemento} = \frac{\sum \text{Valoración parcial Desenvol}_i \times N^\circ \text{ horas docencia}_i}{\sum N^\circ \text{ horas docencia}_i}$$

$$\text{Valoración Resultados} = \frac{\sum \text{Valoración parcial Resultados}_i \times N^\circ \text{ horas docencia}_i}{\sum N^\circ \text{ horas docencia}_i}$$

9.5 Cálculo dos referentes

Os referentes das enquisas de avaliación docente son os resultados dun conxunto homoxéneo de enquisas de maior rango que axuda a contextualizar os resultados.



Os referentes utilizados para os resultados de materia son: Curso e Titulación e Universidade de Vigo.
Os referentes utilizados para os resultados parciais do profesorado son: Materia, Curso e Titulación, Área, Departamento e Universidade de Vigo
Os referentes utilizados para os resultados globais do profesorado son: Área, Departamento e Universidade

9.6 Cálculo dos referentes dos ítems

O referente dos ítems será o valor promedio do ítem do grupo de referencia.
Por exemplo: Para o cálculo do referente do ítem 4 dunha titulación realizarase o promedio do conxunto das respostas non anuladas do ítem 4 da titulación de referencia

$$\text{Valoración Referente ítem} = \frac{\sum \text{puntuacións ítem}}{\sum N^\circ \text{ respostas ítem}}$$

9.7 Cálculo dos referentes das materias

O cálculo dos referentes asociados ás materias realizarase do mesmo modo que para o cálculo dos resultados da materia utilizando a seguinte expresión.

$$\text{Valoración referente} = \frac{\sum \text{puntuacións ítem 1} + \dots + \sum \text{puntuacións ítem 3}}{\sum N^{\circ} \text{ respostas ítem 1} + \dots + \sum N^{\circ} \text{ respostas ítem 3}}$$

Por exemplo para o cálculo do referente curso dunha materia, procederíase a realizar o promedio dos ítems 1,2 e 3, de todas as respostas non anuladas de todas as materias que estiveran no mesmo curso e titulación da materia de referencia.

9.8 Cálculo dos referentes do profesorado

No cálculo dos referentes asociados ao profesorado partírase das valoracións parciais das dimensións do profesorado e procederíase á ponderación do conxunto de valoracións parciais dos/as profesores/as e materias que no mesmo grupo de referencia.

$$\text{Valoración Referente Planificación} = \frac{\sum \text{Valoración parcial Planif}_i \times N^{\circ} \text{ horas docencia}_i}{\sum N^{\circ} \text{ horas docencia}_i}$$

$$\text{Valoración Referente Desenv.} = \frac{\sum \text{Valoración parcial Desenvol.}_i \times N^{\circ} \text{ horas docencia}_i}{\sum N^{\circ} \text{ horas docencia}_i}$$

$$\text{Valoración Referente Resultados} = \frac{\sum \text{Valoración parcial Resultados}_i \times N^{\circ} \text{ horas docencia}_i}{\sum N^{\circ} \text{ horas docencia}_i}$$

$$\text{Valoración Referente} = 0,3 \times \text{Ref. Planif.} + 0,35 \times \text{Ref. Desenv.} + 0,35 \times \text{Ref. Result.}$$

Exemplo: cálculo de referente de materia nunha materia na que imparten 3 profesores/a cos seguintes datos:

	Nº horas	Valoración Planificación	Valoración Desenvolvemento	Valoración Resultados
Docente 1	30	2	2,5	3
Docente 2	30	3	3,5	4
Docente 3	40	4	4,5	5

$$\text{Valoración Referente Planificación} = \frac{30 \times 2 + 30 \times 3 + 40 \times 4}{30 + 30 + 40} = 3,10$$

$$\text{Valoración Referente Desenvolvemento} = \frac{30 \times 2,5 + 30 \times 3,5 + 40 \times 4,5}{30 + 30 + 40} = 3,60$$

$$\text{Valoración Referente Resultados} = \frac{30 \times 3 + 30 \times 4 + 40 \times 5}{30 + 30 + 40} = 4,10$$

$$\text{Valoración Referente} = 0,3 \times 3,10 + 0,35 \times 3,60 + 0,35 \times 4,10 = 3,625$$

10 Informes

O seguinte paso consiste na realización dos informes a partir dos resultados obtidos no paso anterior para a presentación da información de xeito estruturado. Hai 3 informes distintos.

10.1 Informe de Materia

Os informes de materia presentan os resultados relacionados co bloque de materia obtidos por nunha materia, xunto cos respectivos referentes utilizando o seguinte formato:

MATERIA: nome da materia CÓDIGO: código materia

Nº TOTAL DE MATRICULADOS: nº

Nº DE RESPONSTAS: será o máximo das respostas obtidas nun ítem

TITULACIÓN: nome da titulación

PROFESORADO QUE A DISPENSA: relación alfabética do profesorado cos seus códigos

VALORACIÓN

ITEM	1	2	3	4	5	MATERIA	MAT. CURSO	MAT. TIT.	UNIV
1	X	X	X	X	X	M.S			
2	X	X	X	X	X	M.S			
3	X	X	X	X	X	M.S			
GLOBAL						(1)	(2)	(2)	(2)

M.S= media simple

$$\text{Valoración ítem} = \frac{\sum \text{puntuacións ítem}}{\sum N^{\circ} \text{respostas ítem}}$$

$$(1) \text{ Valoración materia} = \frac{\sum \text{puntuacións ítem 1} + \dots + \sum \text{puntuacións ítem 3}}{\sum N^{\circ} \text{respostas ítem 1} + \dots + \sum N^{\circ} \text{respostas ítem 3}}$$

$$(2) \text{ Valoración referente} = \frac{\sum \text{puntuacións ítem 1} + \dots + \sum \text{puntuacións ítem 3}}{\sum N^{\circ} \text{respostas ítem 1} + \dots + \sum N^{\circ} \text{respostas ítem 3}}$$

10.2 Informe Parcial de Profesor/a

Os informes parciais de profesor/a presentan os resultados relacionados co bloque do/a profesor/a obtidos por un/unha profesor/a nunha materia, xunto cos respectivos referentes utilizando o seguinte formato:

NOME: CÓDIGO

ÁREA: CÓDIGO

MATERIA: CÓDIGO

TITULACIÓN: CURSO

Nº DE ALUMNOS MATRICULADOS NA MATERIA:

Nº DE GRUPOS DE AULA:

Nº DE GRUPOS DE LABORATORIO/PRÁCTICOS:

Nº de RESPONSTAS: máximo de ítem

ITEM	1	2	3	4	5	PROFES.	MATERIA	CURSO	TITULAC.	ÁREA	DEP.	UNIV.
4	X	X	X	X	X	M.S	M.S	M.S	M.S	(2)	(2)	(2)
5	X	X	X	X	X	M.S	M.S	M.S	M.S	(2)	(2)	(2)
PARCIAL PLANIFICACIÓN						(1)	(3)	(3)	(3)	(3)	(3)	(3)
6	X	X	X	X	X	M.S	M.S	M.S	M.S	(2)	(2)	(2)
7	X	X	X	X	X	M.S	M.S	M.S	M.S	(2)	(2)	(2)
PARCIAL DESENVOLVEMENTO						(1)	(3)	(3)	(3)	(3)	(3)	(3)
8	X	X	X	X	X	M.S	M.S	M.S	M.S	(2)	(2)	(2)
9	X	X	X	X	X	M.S	M.S	M.S	M.S	(2)	(2)	(2)
10	X	X	X	X	X	M.S	M.S	M.S	M.S	(2)	(2)	(2)
PARCIAL RESULTADOS						(1)	(3)	(3)	(3)	(3)	(3)	(3)
VALORACIÓN PARCIAL						(4)	(4)	(4)	(4)	(4)	(4)	(4)

M.S= media simple

$$\text{Valoración ítem} = \frac{\sum \text{puntuacións ítem}}{\sum \text{Nº respostas ítem}}$$

$$(1) \text{ Valoración parcial Planificación} = \frac{\sum \text{puntuacións ítem 4} + \sum \text{puntuacións ítem 5}}{\sum \text{Nº respostas ítem 4} + \sum \text{Nº respostas ítem 5}}$$

$$\text{Valoración parcial Desenvolvemento} = \frac{\sum \text{puntuacións ítem 6} + \sum \text{puntuacións ítem 7}}{\sum \text{Nº respostas ítem 6} + \sum \text{Nº respostas ítem 7}}$$

$$\text{Valoración parcial Resultados} = \frac{\sum \text{puntuacións ítem 8} + \dots + \sum \text{puntuacións ítem 10}}{\sum \text{Nº respostas ítem 8} + \dots + \sum \text{Nº respostas ítem 10}}$$

$$(2) \text{ Valoración Referente ítem} = \frac{\sum \text{puntuacións ítem}}{\sum \text{Nº respostas ítem}}$$

$$(3) \text{ Valoración Referente Planificación} = \frac{\sum \text{Valoración parcial Planif}_i \times \text{Nº horas docencia}_i}{\sum \text{Nº horas docencia}_i}$$

$$\text{Valoración Referente Desenv.} = \frac{\sum \text{Valoración parcial Desenvol}_i \times \text{Nº horas docencia}_i}{\sum \text{Nº horas docencia}_i}$$

$$\text{Valoración Referente Resultados} = \frac{\sum \text{Valoración parcial Resultados}_i \times \text{Nº horas docencia}_i}{\sum \text{Nº horas docencia}_i}$$

$$(4) \text{ Valoración Parcial} = 0,3 \times \text{Val. Parcial Planif.} + 0,35 \times \text{Val. Parcial Desenv.} + 0,35 \times \text{Val. Parcial Result.}$$

10.3 Informe Global de Profesor/a

Os informes globais de profesor/a presentan os resultados do conxunto de enquisas realizadas ao/á profesor/a e os valores globais de materia, dimensións e total, xunto cos respectivos referentes utilizando o seguinte formato:

NOME: CÓDIGO

ÁREA: CÓDIGO

MATERIAS NAS QUE FOI AVALIADO: relación de materias e códigos

ITEM	1	2	3	4	5	PROFES.	ÁREA	DEP.	UNIV.
4	X	X	X	X	X	M.S	(3)	(3)	(3)
5	X	X	X	X	X	M.S	(3)	(3)	(3)
GLOBAL PLANIFICACIÓN						(2)	(4)	(4)	(4)
6	X	X	X	X	X	M.S	(3)	(3)	(3)
7	X	X	X	X	X	M.S	(3)	(3)	(3)
GLOBAL DESENVOLVEMENTO						(2)	(4)	(4)	(4)
8	X	X	X	X	X	M.S	(3)	(3)	(3)
9	X	X	X	X	X	M.S	(3)	(3)	(3)
10	X	X	X	X	X	M.S	(3)	(3)	(3)
GLOBAL RESULTADOS						(2)	(4)	(4)	(4)
VALORACIÓN GLOBAL						(1)	(1)	(1)	(1)

M.S = media simple

$$(1) \text{ Valoración Global} = \frac{\sum \text{Valoración parcial}_i \times N^{\circ} \text{ horas docencia}_i}{\sum N^{\circ} \text{ horas docencia}_i}$$

$$(2) \text{ Valoración Planificación} = \frac{\sum \text{Valoración parcial Planif}_i \times N^{\circ} \text{ horas docencia}_i}{\sum N^{\circ} \text{ horas docencia}_i}$$

$$\text{Valoración Desenvolvemento} = \frac{\sum \text{Valoración parcial Desenvol.}_i \times N^{\circ} \text{ horas docencia}_i}{\sum N^{\circ} \text{ horas docencia}_i}$$

$$\text{Valoración Resultados} = \frac{\sum \text{Valoración parcial Resultados}_i \times N^{\circ} \text{ horas docencia}_i}{\sum N^{\circ} \text{ horas docencia}_i}$$

$$(3) \text{ Valoración Referente ítem} = \frac{\sum \text{puntuacións ítem}}{\sum N^{\circ} \text{ respostas ítem}}$$

$$(4) \text{ Valoración Referente Planificación} = \frac{\sum \text{Valoración parcial Planif}_i \times N^{\circ} \text{ horas docencia}_i}{\sum N^{\circ} \text{ horas docencia}_i}$$

$$\text{Valoración Referente Desenv.} = \frac{\sum \text{Valoración parcial Desenvol.}_i \times N^{\circ} \text{ horas docencia}_i}{\sum N^{\circ} \text{ horas docencia}_i}$$

$$\text{Valoración Referente Resultados} = \frac{\sum \text{Valoración parcial Resultados}_i \times N^{\circ} \text{ horas docencia}_i}{\sum N^{\circ} \text{ horas docencia}_i}$$

11 Consulta dos resultados

Unha vez finalizado o curso académico no último trimestre do ano natural, os resultados individuais do profesorado, que son confidenciais, difúndense mediante informes individuais con acceso dende a súa propia secretaría virtual.

Cos resultados individuais definitivos logo de finalizar o período de alegacións, publícase un informe global por titulación na secretaría virtual, de acceso a toda a comunidade universitaria.

12 Outros aspectos a considerar

A realización das Enquisas de avaliación docente (EAD) realizaranse en modalidade en liña, nas seguintes condicións:

1. Realizaranse soamente aquelas enquisas para as que o/a profesor/a manifeste á súa conformidade coa realización nesta modalidade.
2. O profesorado, habendo dado a súa conformidade para a realización das enquisas en modalidade en liña, pódese atopar ante os seguintes dous supostos:
 - Que non teña informe de resultados por causas alleas a súa vontade, unha vez aplicado o establecido no apartado 8 deste documento, non terá dispoñible ningún informe completo de resultados cos informes global e parciais por materia das materias impartidas, pero poderá solicitar un certificado no cal o resultado do curso sen valoración será o promedio da súa avaliación nos 5 cursos anteriores. Unicamente poderá acollerse a esta situación, aquel profesorado que teña informe completo de resultados de avaliación nun mínimo de 3 dos últimos 5 cursos.
 - Que teña informe de resultados, e detecte unha variación significativa entre os resultados das EAD realizadas no curso obxecto da realización da enquisa e os correspondentes a cursos anteriores nalgunha materia: poderá solicitar a modificación dos resultados obtidos ata acadar unha situación semellante á de cursos anteriores. A tal efecto, considerarase que os resultados son significativamente distintos cando a media das puntuacións das preguntas da enquisa correspondentes ao informe do profesorado nunha materia sexa inferior á media das cinco últimas enquisas realizadas para ese profesor/a e materia, menos dúas veces a desviación típica. Neste caso, recollerase o promedio da súa avaliación nesta materia nos últimos 5 cursos, incluíndo neste cálculo os resultados do curso actual. No caso de que o/a profesor/a non teña enquisas anteriores para unha materia, aos efectos do contemplado neste punto, utilizarase o promedio total da súa avaliación.
3. A Área de Calidade informará á persoa coordinadora de calidade do centro responsable da docencia da materia, co fin de que a Comisión de Calidade, en colaboración co profesor ou profesora, os/as representantes do estudantado e a representación sindical do profesorado (se procede) poidan, de ser preciso, resolver os problemas detectados, nestes casos:
 - O/A profesor/a obtivera unha puntuación inferior a 2 puntos na avaliación docente dunha materia durante 3 anos consecutivos.
 - O/A profesor/a obtivera unha puntuación inferior a 2 puntos na avaliación docente global durante 3 anos consecutivos.